



DESCUBRE A ORIXE DO CAMIÑO
DESTINO BARBANZA AROUSA

DESCUBRE EL ORIGEN DEL CAMINO
DESTINO BARBANZA AROUSA

DISCOVER THE ORIGIN OF THE WAY
BARBANZA AROUSA DESTINATION




barbanza arousa
MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS

 Deputación
DA CORUÑA

Escapadas con encanto

Redacción

Barbanza Arousa é un destino no que o mar e a montaña conviven a poucos quilómetros de distancia. Integrado polos municipios de Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira, este territorio da ría de Arousa destaca pola súa riqueza paisaxística, a súa identidade mariñeira e unha oferta turística que combina natureza, gastronomía, cultura e tradición.

As praias, os espazos naturais e as rutas de sendeirismo permiten descubrir unha contorna privilexiada na que o visitante pode gozar tanto do litoral como da serra do Barbanza. A esta diversidade paisaxística súmase unha profunda conexión coa historia e coa cultura de Galicia, visible no patrimonio, nas tradicións e no carácter acolledor das súas vilas.

A gastronomía constitúe un dos grandes atractivos do destino. Os peixes e mariscos da ría, xunto coas conservas, son protagonistas dunha oferta culinaria que se completa cos viños da IXP Barbanza e Iria. Mexillóns, berberechos, ameixas ou navallas convértense en auténticos embaixadores dun territorio que ten no produto local unha das súas principais fortalezas.

Barbanza Arousa, un mar de sabores entre a ría e a serra

Natureza, gastronomía, tradición xacobeá e patrimonio fan de Rianxo, Boiro, A Pobra e Ribeira un destino que vela pola calidade e a sustentabilidade



CEDIDA

Praia de Carragueiros, en Boiro, un dos moitos areais dos que se pode gozar no territorio de Barbanza Arousa.

Barbanza Arousa tamén mantén unha estreita relación co fenómeno xacobeo. Polo territorio discorren a Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e Río Ulla e o Camiño do Barbanza-A

Orixe, que permiten descubrir paisaxes pouco coñecidas seguindo a pegada da peregrinación a Compostela.

A comarca reforzou ademais nos últimos anos a súa aposta por un mo-

delo turístico baseado na calidade e na sustentabilidade. Neste ámbito emárcase o Plan de Sostibilidade Turística Barbanza Arousa, Viaxe a través da historia dos sabores, financiado

con fondos Next Generation, que busca poñer en valor a tradición pesqueira, salgadeira, conserveira e vitivinícola do territorio.

Entre as actuacións previstas destacan o Museo da Conserva e da Salazón, a recuperación da memoria industrial do barrio dos Cataláns e novas experiencias vinculadas ás adegas e conserveiras actuais. O proxecto contempla tamén a creación dun club de produto que integrará os sectores turístico e alimentario, degustacións en aulas enogastronómicas situadas en Rianxo e rutas sostibles en bicicletas eléctricas.

A experiencia complétase cunha ampla oferta vinculada ao mar e á cultura. Os portos pesqueiros, as lonxas, os miradoiros sobre a ría, as festas gastronómicas e o legado literario e histórico de figuras vencelladas á comarca permiten descubrir un territorio que conserva a súa esencia sen renunciar á innovación turística. Cada visita convértese así nun percorrido polos sabores, as paisaxes e as historias que definiron a identidade de Barbanza Arousa ao longo dos séculos.

Con 69 empresas e servizos distinguidos co selo de calidade SICTED, Barbanza Arousa continúa consolidándose como un dos destinos máis completos de Galicia. ■



Escapadas con encanto

CEDIDA

Illas, lendas e natureza en familia en Outeiro de Rei

O concello combina paraxes como a Ínsua de Seivane cun rico patrimonio, a olería de Bonxe e propostas como Marcelle e Avifauna

Redacción

Outeiro de Rei é un deses concellos nos que a natureza marca o ritmo da visita. Os ríos Miño e Ladra semantan o territorio de illas, áreas recreativas e paraxes de gran beleza, moitas delas ligadas á memoria social e ás tradicións locais, como o Campo de Santa Isabel, as Penas de Rodas ou a ferverza do Piago.

Un dos espazos máis singulares é a Ínsua de Seivane, a illa máis grande do curso alto e medio do Miño, á que se pode acceder desde a parroquia de Parada a través dunha ponte colgante. Na propia illa, unha pequena área recreativa, o refuxio de pescadores e un sendeiro duns 1,5 quilómetros permiten gozar dunha contorna especialmente frecuentada no verán e moi vinculada ao río.

Este conxunto de illas forma parte

do LIC Parga-Ladra-Támoga e intégrase tamén no núcleo da biosfera Terras do Miño, o que reforza o valor ambiental dun espazo ideal para camiñar, descansar e descubrir a paisaxe fluvial. Pola zona discorren ademais rutas como a Arqueolóxica de Acevedo ou o Camiño do Miño, que conecta enclaves como a ferverza do Piago ou o Campo de Santa Isabel.

Ao atractivo natural súmase un importante patrimonio histórico e ar-

Ademais das súas fermosas paisaxes, o municipio ofrece un bo feixe de interesantes actividades familiares

tístico. Outeiro de Rei conserva restos arqueolóxicos como medorras e castros, ademais dunha destacada presenza de casas señoriais vencelladas á antiga nobreza e fidalguía local. Entre elas figura a Casa Forte, levantada a partir dunha torre medieval no século XV.

A arquitectura relixiosa tamén ocupa un lugar relevante, con igrexas e capelas repartidas polas súas 27 parroquias, construídas na súa maior parte entre os séculos XVII e XVIII, aínda que con excepcións anteriores como os templos de Francos, Martul ou Robra.

O concello é, ademais, unha boa opción para o turismo familiar. Marcelle Natureza permite achegarse a especies autóctonas e exóticas nun amplo espazo natural, mentres que Avifauna ofrece unha colección de máis de 300 especies de aves e desenvolve actividades de educación ambiental.



Outeiro de Rei posúe fermosas paraxes das que gozar en familia.

A pegada da auga está presente en boa parte da identidade de Outeiro de Rei. As ribeiras do Miño e do Ladra, os pequenos areais fluviais, as áreas recreativas e os espazos naturais conforman unha paisaxe que invita a ser descuberta sen présa. A combinación de biodiversidade, patrimonio e tradición converte o concello nun destino ideal para quen busca experiencias vincula-

das á natureza e ao turismo sostible no corazón das Terras do Miño.

A visita pode completarse coa olería de Bonxe, unha das cerámicas tradicionais que aínda permanecen vivas en Galicia. Natureza, patrimonio, tradición e propostas para todas as idades fan de Outeiro de Rei un destino especialmente atractivo a poucos quilómetros de Lugo. ■

Outeiro de Rei

el paraíso de los niñ@s

Outeiro de Rei es uno de los pocos municipios de la provincia que no pierde población, al contrario su índice de natalidad es positivo.

En Outeiro de Rei los niños y las niñas de cualquier localidad y sus familias tienen diferentes actividades y lugares para visitar y disfrutar:

Centro de interpretación Avifauna. Se encuentra situado en Bravos, perteneciente a la parroquia de Vicinte. La visita a este centro permite al visitante un recorrido a través del cual podrá hacerse una idea de la riqueza avícola de los cinco continentes, haciéndose especial hincapié en la fauna autóctona gallega. En el centro se exhiben aproximadamente 200 especies de aves.

Marcelle naturaleza. Situado en San Martín de Guillar. Se trata de un amplio

espacio natural dedicado a los animales, donde los niños en familia se pueden relajar y pasear observando una gran variedad de especies en régimen de semilibertad.

Aldea de las Hormigas. En la parroquia de San Clodio se encuentra la Aldea de las Hormigas, un parque en la naturaleza que recrea escenas de la vida cotidiana representadas por unas hormigas hechas con materiales reciclados además de otros personajes realizados con la misma filosofía ecológica. La Aldeas de las Hormigas permite una experiencia en la que se puede disfrutar de la naturaleza y de una forma de entretenimiento diferente para todas las edades.

El bosque mágico. En la parroquia de Bonxe hay un parque temático dedicado a las hadas y a los trasnos. Este espacio, ideal para toda a familia, permite vivir una

experiencia mágica en la naturaleza explorando un bosque encantado y descubriendo las maravillas que se esconden entre las arbores.

Terra Nublar. Parque temático de dinosaurios. Próxima apertura en la primera quincena de julio.

El concello de Outeiro de Rei completa la oferta lúdica para los más pequeños con la puesta en funcionamiento de varias rutas de senderismo de baja dificultad como la de la isla de Seivane, donde después de cruzar

un puente colgante podemos recorrer una isla dentro del Río en el Miño en plena Reserva de la Biosfera adentrándonos en un magnífico bosque de Ribera en un recorrido de una hora más o menos donde oiremos cantar las aves y croar las ranas en su hábitat natural.



Concello de
Outeiro de Rei

www.outeiroderei.gal



Escapadas con encanto

Redacción

Antes de converterse nun dos destinos turísticos máis recoñecidos do noroeste peninsular, a Ribeira Sacra xa estaba definida polos seus ríos. O Miño e o Sil foron os encargados de modelar durante séculos unha paisaxe única, marcada polos canóns, os mosteiros, os viñedos en socalcos e unha estreita relación entre o ser humano e a natureza. Hoxe, esas mesmas augas seguen sendo unha das mellores portas de entrada para descubrir a esencia deste territorio grazas ás rutas fluviais da Deputación de Lugo.

A través dos seus catamaráns, a institución provincial leva máis de vinte anos promovendo unha forma diferente de coñecer a Ribeira Sacra. A iniciativa naceu moito antes de que a comarca alcanzase a proxección turística actual e converteuse co paso do tempo nun dos grandes reclamos da provincia e nunha ferramenta fundamental para a difusión do seu patrimonio natural, cultural e paisaxístico.

Navegar polos ríos Miño e Sil permite contemplar desde unha perspectiva privilexiada algúns dos elementos máis representativos da Ribeira Sacra. Desde a cuberta das embarcacións é posible admirar a es-

A Ribeira Sacra seduce dende os catamaráns da Deputación

As rutas polo Miño e o Sil atraen milleiros de visitantes e permiten gozar dunha paisaxe marcada polos canóns, os viñedos e o patrimonio monástico



CEDIDA

A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, na apertura da tempada turística das rutas fluviais da institución provincial.

pectacularidade dos canóns escavados polos ríos ao longo de millóns de anos, os viñedos sostidos en pendentes imposibles que dan forma á

coñecida viticultura heroica e os mosteiros que contribuíron a construír a identidade histórica da comarca.

Esta combinación de paisaxe, pa-

trimonio e natureza converteu as rutas fluviais nunha das experiencias turísticas máis demandadas de Galicia. Cada tempada, miles de visitantes esco-

llen descubrir a Ribeira Sacra desde a auga, atraídos por unha proposta que permite comprender mellor a dimensión e singularidade dun territorio que aspira ao recoñecemento da UNESCO como Patrimonio da Humanidade.

Os datos confirman ese interese crecente. Só durante a pasada Semana Santa, máis de 2.400 persoas participaron nas rutas operadas pola Deputación de Lugo. Ao longo da tempada turística, que se estende entre marzo e decembro, son máis de 60.000 os visitantes que embarcan cada ano nos catamaráns para percorrer os ríos da Ribeira Sacra.

Actualmente, a institución provincial conta con tres embarcacións. Desde Ponte do Sil operan o catamarán Mencía e o monocasco Canón do Sil, que percorren un dos treitos máis espectaculares do río. Pola súa banda, desde Belesar parte o catamarán Pelegrín, encargado da ruta de Cabo do Mundo, un dos meandros máis coñecidos e fotografados de Galicia.

As persoas interesadas en realizar algunha destas travesías poden consultar horarios, itinerarios e adquirir os seus billetes a través da páxina web www.rutasembalses.es. Tamén está dispoñible o teléfono 982 26 01 96 para solicitar información e realizar reservas. ■

Lousame convida a redescubrir as Minas de San Finx

É un dos grandes atractivos dun concello con abondoso patrimonio cultural e paisaxístico

Redacción

Lousame é un destino ideal para quen busca natureza, patrimonio e tranquilidade. Situado no interior da comarca de Noia, o concello agocha lugares singulares que permiten des-

cribir unha Galicia diferente, marcada pola riqueza da súa paisaxe e pola pegada da súa historia.

Un dos seus principais atractivos son as Minas de San Finx, un dos complexos mineiros máis importantes de Galicia. O Museo das Minas ofrece visi-

tas guiadas polo antigo poboado mineiro, onde os visitantes poden percorrer talleres, a sala de compresores ou o coñecido como cuartel vello. O percorrido permite coñecer a historia da explotación do volframio e da casiterita desde a chegada dos empresarios ingleses a

finais do século XIX ata o cesamento da actividade mineira no século XX.

A contorna das minas, declarada Lugar de Interese Xeolóxico, constitúe ademais un espazo de gran valor ambiental que combina patrimonio industrial e natureza nun mesmo escenario.

Lousame destaca tamén pola súa ampla rede de rutas de sendeirismo. Entre elas figura a Ruta das Minas de San Finx, que percorre corredeiras, aldeas e paisaxes rurais vencelladas á actividade mineira. A Ruta da Muralla, de dificultade media e máis de catorce quilómetros de percorrido, permite descubrir algúns dos espazos naturais máis representativos do municipio.

Outro dos itinerarios máis destacados é o da cunca do río Vilacoba e San Xusto, un percorrido que segue o curso dun dos ríos máis importantes de Lousame a través de bosques autóctonos, fervezas e paraxes de gran beleza paisaxística.

A oferta complétase cun rico patrimonio arqueolóxico e numerosas mostras de arquitectura relixiosa, popular e civil. ■



CEDIDA

O Museo das Minas ofrece visitas guiadas polo antigo poboado mineiro.

Patrimonio industrial, natural e cultural

CONCELLO DE Lousame

www.concellodelousame.gal

Escapadas con encanto

CEDIDA

Teo, onde o Ulla marca o ritmo entre fragas, castros e tradicións

O Castro Lupario, Pontevea, o Xirimbao ou a Fraga de Sestelo son algúns dos seus tesouros



A ponte colgante do Xirimbao, construída en 1964, é unha das imaxes icónicas de Teo.

Redacción

Quen se detén a percorrer Teo descobre un territorio cunha personalidade propia, modelada polo río Ulla, polos camiños históricos, polas lendas e por unha paisaxe que aínda conserva boa parte da esencia rural da comarca compostelá.

O municipio ofrece unha combinación pouco habitual de patrimonio arqueolóxico, natureza, tradicións populares e memoria colectiva. Un mosaico de experiencias que permiten coñecelo desde múltiples perspectivas.

Un dos seus grandes símbolos é o Castro Lupario, vinculado á figura da lendaria Raíña Lupa. Situado nun enclave privilexiado, é unha das mellores atalaías naturais sobre o val e un dos espazos arqueolóxicos máis relevantes da contorna. A súa presenza lembra que estas terras xa eran un lugar estratéxico moito antes da chegada dos peregrinos a Compostela.

A pegada xacobeá está moi presente en lugares como Francos ou Lampai, onde a historia medieval continúa visible en igrexas, capelas e antigos camiños. O paso dos séculos deixou tamén un valioso legado románico, con templos como os de San Cristovo de Reis, San Miguel de París ou Santa María de Teo, auténticas xoias do patrimonio local.

Teo enténdese camiñando

Boa parte da identidade teense está ligada á súa paisaxe. As ribeiras do Ulla ofrecen algunhas das estampas máis fermosas do municipio, especialmente na contorna da ponte colgante do Xirimbao, onde o río se converte en protagonista absoluto. Mentres, a só uns quilómetros, Pontevea, coa ponte medieval sobre o Ulla, eríxese en porta natural á paisaxe fluvial do municipio.

Pero tamén destacan espazos naturais como a Devesa de Agromaior, a Fraga de Sestelo ou os montes de Comide, lugares nos que a vexetación autóctona, os pequenos regatos e os camiños tradicionais permiten descubrir unha Galicia pouco transformada.

Os cruceiros, pontellas e vellas corredoiras que atravesan as parroquias conforman un patrimonio disperso que invita a percorrer o territorio sen présa, entendendo a paisaxe como

unha parte vital da súa historia.

Teo conserva ademais unha intensa actividade cultural e festiva vinculada ás súas raíces. Os Xenerais da Ulla, a Batalla de Cacheiras, a ce-

lebración dos Maios ou a histórica Feira Cabalar de San Martiño de Francos forman parte dun calendario que mantén vivas tradicións transmitidas de xeración en xera-

ción. A artesanía, a música popular, a gastronomía e a cultura do viño completan unha identidade que continúa moi presente no día a día das parroquias teenses.

Quizais a mellor forma de definir Teo sexa a través da propia filosofía coa que promove o seu programa turístico e cultural: un territorio para descubrir con calma. ■

TEO
todo
por
descubrir

Experiencias turísticas sostibles ao longo do ano

2026

Descubre a campaña completa

Teo
TURISMO

CONCELLO DE TEO

Escapadas con encanto

Muros invita a descubrir a súa historia por terra e por mar

Ofrece visitas guiadas gratuítas para dar a coñecer a maxia da súa zona antiga e das súas praias, así como o seu patrimonio marítimo



CEDIDA

Caridad González, conceleira de Turismo de Muros.

Redacción

pesqueiro, praias e patrimonio marítimo. «O noso casco histórico é digno de ver e mira cara unha costa marabillosa», destaca a conceleira de Turismo, Caridad González.

Muros vive de fronte ao mar, cunha zona antiga moi ben conservada, porto

O Concello ofrece visitas guiadas gratuítas por terra e por mar, diúrnas e nocturnas, cun servizo de barco turístico entre xuño e setembro. Entre os seus principais atractivos figuran o Centro de Interpretación do Patrimonio Marítimo de Sel, o Muíño de Mareas do Pozo do Cachón, o Monte Louro, a lagoa de Xalfas e praias para todos os gustos, «algunhas idóneas para deportes de vento e outras auténticos remansos de paz». A do Castelo é a favorita da concelleira, pois lle trae moias lembranzas como nai e avoa.

No centro histórico, as rúas empedradas, as prazas porticadas, a Colexiata de Santa María do Campo ou o Arco de Don Diego conservan a esencia dunha vila mariñeira centenaria.

A Concellaría de Turismo tamén quere poñer en valor o labor da hostalería e o comercio locais, cunha guía que distribuirá proximamente. ■

Vimianzo, onde os penedos son arte

CEDIDA



Os Penedos de Pasarela son un dos grandes atractivos turísticos de Vimianzo.

Redacción

Os Penedos de Pasarela forman parte do valioso tesouro natural de Vimianzo. Para coñecelos, pode seguirse un sendeiro de 6,5 km de dificultade media. Os penedos son formacións graníticas que a erosión moldeou dando formas tan curiosas como un camelo, unha esfínxe ou unha quenlla. A ruta culmina nun museo natural con espectaculares panorámicas a 274 metros de altura.

A Cachucha, O Berrón, A Aguia,

A Tartaruga ou O Gardián son algúns dos seus nomes. A riqueza paisaxística desta contorna serviu de inspiración a grandes autores, como Manuel Rivas ou Eduardo Pondal.

Foi declarada paisaxe protexida pola Xunta en 2009 polo seu interese xeolóxico e xeomorfolóxico.

Tamén en Vimianzo convén visitar o Castelo, o Castro das Barreiras e os Muíños de Mosquetín, a carón do río do Porto. Alí, dúas edificacións albergan sete muíños e tres batáns (estruturas de madeira de orixe medieval que servían para bater tecidos de lá ou liño ata compactalos). ■

Municipio de Interese Turístico de Galicia

Muros é unha vila que foi declarada Conxunto histórico en 1970. Foi fundada polo rei Sancho IV o Bravo no século XIII. A finais do século XIII deixa de ser vila de realengo para depender da Sede Compostelá, por concesión de Fernando IV (1299). A historia de Muros non se pode desligar da importancia comercial do seu porto e do mar. Xa no ano 1452, o rei de Castela, Juan II, cita o porto de Muros como un dos máis grandes de Galicia, habilitándoo para exportar e importar.

CONXUNTO HISTÓRICO

Concello de Muros

Turismo Concello de Muros

O corazón da Terra de Soneira

www.vimianzo.gal

Escapadas con encanto

A Laracha descóbrese entre praias, ríos e muíños

Caión, os sendeiros fluviais ou o patrimonio etnográfico converten este concello nun destino onde a auga marca o ritmo da paisaxe

Redacción

A Laracha atopa no mar e no seu interior dúas das súas grandes fortalezas turísticas. O percorrido do visitante pode comezar na fermosa Caión, vila mariñeira que combina unha das praias máis extraordinarias da Costa da Morte cunha oferta hostaleira cada vez máis cuidada e de maior nivel.

A poucos quilómetros, en Golmar, o Centro de Interpretación dos Muíños de Auga da Costa da Morte permite descubrir a importancia histórica da cultura fluvial no municipio. Esa riqueza interior reflíctese tamén nas súas rutas de sendeirismo. O sendeiro do río Bradoso percorre un bosque de ribeira salpicado de antigos muíños; o do río Acheiro combina patrimonio etnográfico e paisaxe fluvial; e a ruta O sentir de Soandres une natureza, arqueoloxía e historia arredor do antigo mosteiro.



O paseo fluvial do Anllóns nace á entrada da área recreativa de Gabenlle.

Todo isto sen esquecer un lugar do que goza intensamente a veciñanza: a área recreativa de Gabenlle, atravesada polo río Anllóns e situada a só 500 metros do centro urbano.

O patrimonio larachés complétase co castro de Montes Claros, un dos 19 poboados castrexos catalogados no municipio e un dos enclaves arqueolóxicos máis destacados da comarca. ■

Tesouros de interior en Val do Dubra



O miradoiro do Picoto ofrece unha panorámica única de Val do Dubra.

Redacción

A apenas uns quilómetros de Santiago, Val do Dubra agocha un dos segredos mellor gardados do interior da provincia da Coruña. Ríos que serpentean entre carballeiras centenarias, fervezas escondidas, igrexas románicas, vestixios medievais e espectaculares panorámicas convérteno nun destino perfecto para gozar en contacto coa natureza.

Un dos lugares máis singulares atópase en Portomouro. Nun outeiro estratexicamente situado sobre o río

localízanse as coñecidas como tumbas antropomórficas da Pedra do Home, escavadas na rocha e datadas entre os séculos IV e VIII. Destaca tamén a Ferveza do Rexedoiro, á que se pode acceder a través da Ruta das Carballeiras. Durante o camiño aparecen as ruínas da antiga ermida de San Xoán Bautista, antes de chegar a este salto de auga que é un dos recunchos máis fotoxénicos do municipio.

E quen queira contemplar o concello desde as alturas ten unha cita obrigada co Picoto, o punto máis elevado de Val do Dubra, con 525 metros de altitude. ■

CONCELLO DA LARACHA

Porta de entrada á Costa da Morte

www.alaracha.gal

Val do Dubra, naturalmente

Val do Dubra, destino para gozar da natureza!

RUTA DO REMUÍÑO
RUTA DA FERVENZA DO REXEDOIRO
RUTA DAS CARBALLEIRAS

Concello de VAL DO DUBRA

Escapadas con encanto

O Ulla, protagonista do verán en Vedra

Redacción

O río Ulla será o gran protagonista da programación turística de verán do Concello de Vedra. A través de actividades de sendeirismo, deporte, educación ambiental e lecer, o municipio reforza a súa aposta por poñer en valor un dos seus principais sinais de identidade.

Boa parte das propostas enmárcanse en Correntes do Ulla, unha iniciativa compartida con Boqueixón que se desenvolverá entre o 27 de xuño e o 22 de agosto para achegar os visitantes ao patrimonio natural e cultural vinculado ao río.

Entre as actividades previstas destaca a ruta Goza do Ulla: Vía da Prata-San Xoán da Cova, que permitirá descubrir tanto o Camiño de Santiago ao seu paso por Vedra como un dos espazos máis singulares da comarca. A programación inclúe tamén o tradicional descenso do Ulla, sesións de ioga na natureza e unha ruta centrada no patrimonio



O Ulla, ao seu paso por Vedra.

oculto ligado á arquitectura do viño.

A iniciativa complétase co Campo de Voluntariado Monte Sacro, dirixido á mocidade, e co servizo de alugueiro de caiacs na área recreativa de Agronovo en xullo e agosto, ofrecendo a oportunidade de coñecer o río desde unha perspectiva diferente.

Con esta programación, Vedra consolida un modelo turístico baseado na natureza, o patrimonio e a sustentabilidade, tendo o Ulla como eixo vertebrador dunha oferta pensada para descubrir o territorio de maneira activa e respectuosa.

Vivir o Ulla en Vedra. ■

A Estrada ponse no mapa como destino interior único

O Pazo de Oca, a Rapa das Bestas de Sabucedo, o sendeirismo, as praias fluviaias ou a cultura sidreira dánlle ao concello identidade propia

Redacción

A Estrada é un destino no que conviven patrimonio, natureza e tradición. Entre os seus grandes referentes está o Pazo de Oca, considerado un dos pazos máis representativos de Galicia, cos seus xardíns barrocos, o protagonismo da auga e a súa integración na Ruta da Camelia.

Outro dos símbolos do municipio é Sabucedo, onde cada primeiro fin de semana de xullo se celebra a Rapa das Bestas, Festa de Interese Turístico Internacional con máis de 400 anos de historia. A subida ao monte, a baixada dos cabalos e o curro converten esta cita nunha das expresións máis auténticas da cultura galega.

A Estrada é tamén terra de camiños e sendeiros. Polo seu territorio pasan tres rutas xacobeas e máis de 150 quilómetros de itinerarios sinalizados,



A Rapa das Bestas de Sabucedo é un dos emblemas da Estrada.

entre eles os de Codeseda-Rapa das Bestas, Castro, Golfariz, Vesacarballa, Calobre ou Entre as Pontes.

A oferta complétase con praias flu-

vias como Liñares ou A Praíña, e cunha cultura sidreira consolidada coa recuperación de variedades autóctonas, a Ruta da Sidra e a Feira da Sidra. ■

ALUGUER DE BICIS

Puntos de aluguer de bicicletas:
Bar Barreiro, Librán, 9 - San Xian de Sales - T. 981 512 432
Oficina de Turismo, Restorral de Ponte Ulla - T. 669 450 804

ALUGUER DE KAIKS E TABOAS DE PADDLE SURF

Venres, sábados e domingos de xullo e agosto, de 16.00 a 20.00h

Área de recreo de Agronovo.
Aluguer 5€/persoa/hora

PISCINA VERÁN 2026

Do 1 de xullo ao 31 de agosto

De luns a venres de 15.00 a 21.00h
Sábados, domingos e festivos de 10.00 a 21.00h

Consulta toda a información en concellovedra.gal
En caso de mal tempo as instalacións permanecerán pechadas.

+ Información: 981 814 612 - 669 450 804
turismo@concellovedra.gal

CONCELLO

A ESTRADA

TURISMO

activo

Natureza, aventura e benestar.
Vive A Estrada

A Estrada naturalmente!

Escapadas con encanto

Dodro respira calma entre brañas, hórreos e pazos

É un destino idóneo para percorrer sen présas, gozando da natureza, o patrimonio popular, os miradoiros sobre o Ulla e os vestixios históricos

Redacción

Dodro é un deses lugares que invitan a baixar o ritmo. Situado no interior da provincia da Coruña, entre o val do Ulla e as portas da ría de Arousa, o municipio conserva unha paisaxe serena na que natureza, patrimonio e tradición conviven lonxe das masificacións. A tranquilidade das súas aldeas, os seus camiños e as súas brañas convérteno nun destino ideal para quen busca descubrir a Galicia máis auténtica sen présas.

Nese percorrido destacan algunhas das xoias patrimoniais máis singulares do país, como o Hórreo do Arco de Castro, os conxuntos tradicionais de Imo, os pazos históricos de Lestrove, Hermida e Tarrío ou os numerosos cruceiros que salpican o territorio. O legado arqueolóxico tamén ten un papel destacado, con petróglifos da Idade



O Hórreo do Arco de Castro é unha das xoias patrimoniais de Dodro.

do Bronce que testemuñan unha ocupación humana milenaria.

Á riqueza cultural súmase unha contorna natural privilexiada. As Brañas de Laiño, unha das zonas húmidas

máis extensas de Galicia, os miradoiros sobre o Ulla e as rutas de sendeirismo que percorren o municipio permiten descubrir unha paisaxe de grande valor ecolóxico e paisaxístico. ■

Boqueixón reforza as visitas ao Pico Sacro



CEDIDA

As visitas guiadas e gratuítas ao Pico Sacro prolongaranse durante unha hora.

Redacción

O Concello de Boqueixón mellora este verán o seu programa de visitas guiadas e gratuítas ao Pico Sacro, unha das montañas máis míticas de Galicia e miradoiro privilexiado desde o que se poden ver mesmo as torres da Catedral de Santiago.

Os percorridos, dunha hora de duración, celebraranse os venres, sábados, domingos, festivos e vésperas de festivos, coa guía dun técnico de turismo. O punto de encontro será o aparcadoiro do monte Ilicino. A parti-

cipación é de balde, aínda que se recomenda inscrición previa no Departamento de Turismo de Boqueixón.

Como novidade, o Pico Sacro contará tamén cunha *food-truck* para que visitantes e participantes poidan tomar algo antes ou despois da subida e aproveitar mellor a experiencia, especialmente nos solpores desde o monte Ilicino.

A oferta complétase coas rutas guiadas a cabalo que ofrece a empresa Xonohaxo Relinchos, pensadas para todos os niveis e orientadas a descubrir a contorna deste enclave vencellado ás lendas xacobeas. ■

Descubre **DODRO** O teu destino natural

NATUREZA • PATRIMONIO • GASTRONOMÍA • TRANQUILIDADE

Ven, respira, desconecta... **VIVE DODRO!**

CONCELLO DE DODRO
Un lugar, milleiros de experiencias

PATRIMONIO GASTRONOMÍA TRANQUILIDADE

A un paso de todo, moi preto de ti.

XONOHAXO
RELINCHOS

Vive a natureza montando a cabalo

Rutas:

- ✓ O Pico Sacro
- ✓ Ribeira do Ulla
- ✓ Enoturismo María Manuela

Servizos:

- Guías expertos
- Montura, casco e seguro de RC
- Clase inicial
- Rutas por ríos, montes, viñedos e praias adaptadas a todos os niveis

Reservas:

626 769 729 www.xonohaxorelinchos.com
info@xonohaxorelinchos.com

Escapadas con encanto

Dumbría, paraíso aos pés do Olimpo



CEDIDA

Dumbría sorprende cos seus roteiros entre paisaxes engaiolantes.

Redacción

Dumbría é un destino que sorprende os visitantes coa súa impresionante paisaxe natural e o seu patrimonio arquitectónico. O seu territorio é o resultado dunha mestura perfecta entre a beleza da costa e do interior.

Este destino turístico é ideal para recrearse nas lendas de seres míticos, deixarse sorprender polos caprichos únicos da natureza, contemplar os ricos vestixios do pasado e soltar adrenalina practicando deportes de aventura na natureza.

Entre as opcións recomendables, facer caiac polas augas da Fervenza do Ézaro; adentrarse no Olimpo Celta (o Monte Pindo), subindo ata A Moa, o seu punto máis elevado, considerado un resto da denominada Superficie Fundamental de Galicia, que se formou hai 60 millóns de anos; deixarse cegar pola espectacularidade do ceo nocturno aos pés da balanceadora Pedra do Brazal; embriagarse co aire puro da Carballeira de Berdeogas; ou gozar do atardecer desde a Estación de Control Marítimo de Chan das Lagoas. ■

Outes, unha paisaxe que se abre á ría de Muros e Noia

O concello combina sendeirismo, paseos fluviais, praia e patrimonio mariñeiro nun destino certamente privilexiado que respira cara ao mar

Redacción

Outes ofrece unha combinación equilibrada de natureza, costa e paisaxe interior, cun territorio no que o monte, o río e o mar aparecen sempre moi preto. A súa situación na ría de Muros e Noia converte o municipio nun destino ideal para descubrir sen présas, a través de rutas, paseos e recunchos con forte identidade propia.

Un dos principais atractivos é a ruta Albán-Tremuzo, un percorrido de 14 quilómetros que pasa pola praia de Broña, visita imprescindibles, e ascende ata o monte Tremuzo, o punto máis alto do concello. Desde o cumio obtense unha das panorámicas máis espectaculares da ría de Muros e Noia.

Outro espazo destacado é o paseo fluvial do Tins, un itinerario duns tres quilómetros que percorre ambas



CEDIDA


A de Ponte Nafonso e unha das estampas máis recoñecibles de Outes.

as marxes do río preto da súa desembocadura na Serra de Outes. A ruta permite achegarse a unha paisaxe tranquila, marcada pola vexetación de ribeira e polo son da auga.

O litoral ten un dos seus grandes referentes no Freixo, porto con forte tradi-

ción mariñeira desde o que parte o veleiro histórico Joaquín Vieta. A súa travesía pola ría permite achegarse ao patrimonio marítimo do municipio.

A escapada pode completarse en Ponte Nafonso, que ofrece unha das estampas máis recoñecibles da zona. ■



Escapadas con encanto

Monfero: natureza e historia no corazón do Eume

O mosteiro de Santa María, as Fragas e as súas pontes medievais sorprenden a quen se adentra no seu interior



CEDIDA

O Mosteiro de Santa María de Monfero é unha das xoias do patrimonio galego.

Redacción

Monfero é un deses lugares nos que a historia e a natureza parecen avanzar da man. No corazón da comarca do Eume, o municipio atesoura algúns dos espazos máis singulares de Galicia, desde o monumental mosteiro de Santa María ata os bosques das Fragas do Eume.

O principal símbolo do concello é o Mosteiro de Santa María de Monfero, fundado no século XII e estreitamente ligado á expansión da orde do Císter en Galicia. Situado nun val rodeado polas serras de Cela e Moncoso, constitúe unha das grandes xoias do patrimonio galego.

Outro dos grandes tesouros do territorio son as Fragas do Eume, consideradas o bosque atlántico costeiro mellor conservado de Europa. Declarado Parque Natural en 1997, este espazo abrangue máis de 9.000 hectáreas de montes e vales modelados polo río Eume.

No patrimonio de Monfero figuran ademais pontes medievais como a Ponte do Dez ou a de San Paio. A estes elementos súmanse igrexas, capelas, cruceiros e camiños tradicionais que permiten descubrir o concello con calma, seguindo a pegada da súa historia rural e monástica. Monfero ofrece así unha experiencia marcada polo silencio, a paisaxe e a autenticidade. ■



CEDIDA

Instalacións do Balneario de Cuntis, na provincia de Pontevedra.

Galicia, líder do turismo termal en España

Os seus balnearios, con augas mineromedicinais de calidade, combinan saúde, benestar e sostibilidade

Redacción

Galicia é a principal referencia do turismo termal en España. Cunha das maiores riquezas mineromedicinais de Europa, a comunidade conta con máis de 300 captacións catalogadas, das que unha vintena son empregadas polos seus balnearios.

As propiedades destas augas, coñecidas desde antes da chegada dos romanos, continúan atraendo cada ano milleiros de persoas que buscan saúde, descanso e benestar. Os balnearios galegos ofrecen instalacións modernas, profesionais especializados

e experiencias adaptadas a todas as idades.

Con máis de 3.000 prazas hoteleiras e arredor de 150.000 usuarios anuais, Galicia concentra preto do 20 % dos balnearios existentes en España. A súa oferta esténdese por todo o territorio, desde Mondariz, Cuntis ou A Toxa ata Guitiriz, Lugo, Pantón, O Carballiño, Lobios ou Brión.

Considerado o segundo gran produto turístico internacional de Galicia tras o Camiño de Santiago, o termalismo reforza a súa posición como sinal de identidade e como motor económico para as comarcas nas que se asenta. Ademais, contribúe a desestacionalizar o turismo ao ofrecer saúde e descanso durante todo o ano. ■

Un lugar para visitar

Concello de Monfero
www.concellodemonfero.com

La diferencia está en el agua
A diferenza está na auga

www.balneariosdegalicia.gal

A CORUÑA Balneario de Carballo www.balneariodecarballo.com Balneario de Compostela (Brión) www.hbcompostela.com
LUGO Balneario de Lugo - Termas Romanas www.balneariodelugo.com Iberik Gran Balneario de Guitiriz <https://iberikhoteles.com/hoteles/iberik-guitiriz-balneario> **OURENSE** Arnoia Caldaria Hotel www.caldaria.es Laias Caldaria Hotel www.caldaria.es
BALNEARIO DE CENILLE www.caldaria.es **LOBIOS** Caldaria Hotel www.caldaria.es **GRAN BALNEARIO DO CARBALLIÑO** www.balneariodecarballino.com.es **BALNEARIO DE CALDAS DE PARTOVIA (O CARBALLIÑO)** <https://caldaspartoviabalneario.com>
PONTEVEDRA Balneario Acuña (Caldas de Reis) www.balnearioacuna.com Balneario Dávila (Caldas de Reis) www.balneariodavila.com Termas de Cuntis www.termasdecuntis.com Balneario Baños da Brea (Vila de Cruces) www.balneariodebrea.com
 Balneario de Caldelas de Tui www.balneariodecaldelas.com Eurostars Gran Hotel La Toja www.eurostarsgranhotellatoja.com Hotel Eurostars Isla de La Toja www.eurostarsisladelatoja.com Balneario de Mondariz www.balneariodemondariz.com

Escapadas con encanto



CEDIDA

O Faro de Fisterra é o gran símbolo do concello.

Fisterra, onde remata a terra e comezan as lendas

O faro, as praias salvaxes e a pegada milenaria do Camiño fan deste recuncho atlántico un destino singular

Redacción

Fisterra leva séculos fascinando a viaxeiros e peregrinos. Moito antes de que Compostela fose meta espiritual estas terras xa eran consideradas o fin do mundo coñecido, o lugar onde o sol desaparecía cada serán no océano.

Esa condición de Finis Terrae segue marcando a identidade dun municipio intimamente ligado ao Camiño de Santiago. A ruta a Fisterra é a única que non conduce a Compostela, senón que parte dela para rematar fronte ao Atlántico.

O gran símbolo do municipio é o Faro de Fisterra, no cabo máis emblemático de Europa oc-

cidental. A 138 metros sobre o nivel do mar, domina unha paisaxe na que o océano e os cantís forman unha das estampas máis recoñecibles de Galicia. A poucos quilómetros, algúns dos areas máis espectaculares da Costa da Morte. A extensa praia de Langosteira, a salvaxe praia do Rostro ou recunchos como Arnela ou Mar de Fóra amosan diferentes caras do Atlántico.

A riqueza paisaxística complementase cunha rede de rutas cara ao Monte San Guillermo, as Pedras Santas ou o Monte Seoane, excelentes miradoiros naturais. A historia tamén se deixa ver na antiga cidade de Duio e na igrexa románica de Santa María das Areas. ■

Cee, identidade propia na Costa da Morte

A alcaldesa, Margot Lamela, destaca a evolución do concello baixo a marca 'Cee, moi preto, moi teu'



CEDIDA

Unha peregrina no monte de San Pedro Mártir ve por primeira vez o mar no seu camiño cara Fisterra.

Redacción

Cee consolídase como un destino turístico con identidade propia na Costa da Morte. A alcaldesa, Margot Lamela, destaca «o orgullo e a emoción» de ver como o concello pasou de ser «a capital de servizos da Costa da Morte» a converterse nun lugar «para quedar, para sentir e para vivir».


A súa posición no Camiño de Santiago a Fisterra é unha das súas grandes fortalezas. É «a primeira ventá ao mar» para o peregrino e «a auténtica porta ao fin do mundo», con parada obrigada no Santuario da Virxe da Xunqueira.

O municipio reúne propostas moi diversas: o último reduto baleeiro de Europa en Caneliñas, o Monte da Peneda, o miradoiro de Gures, a Senda do Litoral por Brens e Ameixenda ou Lires, coa súa ría, considerada a máis pequena de Galicia. A isto súmanse praias como Estorde, Gures, Ameixenda e Lires, o mar de ardora e o recoñecemento como destino Starlight.

Lamela salienta tamén o patrimonio cultural, co Museo Fernando Blanco, a zona antiga, Toba e os seus muiños tradicionais. Integrado na Rede de Destinos Turísticos Intelixentes, o concello conta cunha marca que resume a súa esencia: 'Cee, moi preto, moi teu'. ■



Cee, onde sempre queres volver
Non o expliques. Víveo
#MoiPretoMoiTeu



Escapadas con encanto

Unha travesía en caiac para descubrir o Ulla en Touro

A actividade celebrarase o 11 de xullo con dúas quendas e dará prioridade ás persoas empadroadas no municipio



CEDIDA

Participantes na travesía en caiac polo Ulla.

Redacción

O Concello de Touro volverá apostar este verán polo deporte e a natureza cunha nova xornada de caiac polo río Ulla, programada para o sábado 11 de xullo. A iniciativa permitirá descubrir desde a auga unha das paisaxes máis atractivas do municipio a través dun percorrido apto para diferentes idades.

A actividade contará con dúas quendas de 20 prazas cada unha, unha ás 11.00 horas e

outra ás 16.00. O punto de encontro será a Ponte Remesquide, na Ribeira, mentres que a chegada está prevista na área de Souto do Barco. O prezo público establecido é de 10 euros para as persoas maiores de idade e de 5 euros para os menores.

En canto á participación, os mozos e mozas de entre 13 e 17 anos poderán realizar a actividade sen acompañamento, sempre que presenten unha autorización asinada por ambos proxenitores. Pola súa banda, os menores de 13 anos deberán ir acompañados por unha persoa adulta responsable.

O Concello estableceu ademais unha orde de preferencia para acceder ás prazas. En primeiro lugar poderán inscribirse as persoas empadroadas en Touro, ata o 26 de xuño; a partir do 27 de xuño abrirase o prazo para familiares directos de veciños do municipio, e desde o 4 de xullo poderán anotarse as persoas non empadroadas. As inscricións poden realizarse a través da plataforma de reservas do Concello de Touro ou presencialmente na Casa do Concello. ■

O Castelo de Santa María volverá arder en Arzúa

A tradicional queima da fortaleza construída pola veciñanza celebrarase na noite meiga do 23 de xuño

Redacción

Arzúa celebrará o vindeiro 23 de xuño unha nova edición dunha das súas citas máis singulares: a tradicional queima do Castelo de Santa María, unha celebración que reunirá veciñanza, visitantes e peregrinos arredor do lume, da música e das tradicións de San Xoán.

Un dos momentos centrais será a homenaxe ás persoas peregrinas que atravesan a vila polo Camiño de Santiago. Os Cofrades de San Xoán de Santa María escollerán previamente un albergue do municipio e un dos peregrinos que chegue ese día terá a honra de prender lume ao castelo. O seu nome quedará ademais gravado no Muro dos Luceiros.

A programación incluírá a recepción ao peregrino, a tradicional cea de San Xoán, o pregón da compositora e cantante arzúa MJ Pérez, unha exhibición de esgrima histórica a cargo de Arte do Combate, un serán aberto ao público e a verbena co grupo Alaska e DJ Chirimbolo.

A fortaleza, construída durante meses grazas



CEDIDA

O Castelo de Santa María, construído pola veciñanza.

ao traballo da veciñanza, volverá ser o símbolo dunha celebración que une tradición popular, espírito xacobeo e participación veciñal.

A concelleira de Turismo, Begoña Balado, destaca que "esta festa representa moi ben a identidade de Arzúa, porque combina o valor das nosas tradicións coa importancia que ten o Camiño de Santiago para o municipio". A edil pon tamén en valor "o enorme traballo e a implicación dos veciños e veciñas" que fan posible a construción do castelo e manteñen viva esta tradición. ■

Xornada de Caiac no Ulla

Sábado 11 xullo 2026



INSCRICIÓN

Na web de reserva do Concello de Touro ou presenciais na Casa do Concello de luns a venres de 9 a 14 h.



Concello de **Touro**

SAN XOÁN 2026

Santa María de Arzúa

21:00 Serán cos "Viqueiras de Ordes" e DJ Chirimbolo

21:30 Recepción do/a peregrino/a e Cea de San Xoán

23:15 Pregón e colocación da estrela

Pronunciará o pregón a compositora e cantante arzúa

MJ. PEREZ

23:30 Exhibición de esgrima histórica a cargo de

"Arte do Combate"

00:00 QUEIMA DO CASTELO

Verbena: Grupo "Alaska" e DJ. Chirimbolo

Flor da auga - Raiar do sol no castro



ARZÚA | TURISMO

Este San Xoán,
vive a noite meiga
en Arzúa

Organiza: Asociación de Veciños "O Cruceiro"

Escapadas con encanto

Melide marca o compás xacobeo da Galicia interior

Punto de encontro dos camiños Francés e Primitivo, atesoura un bo feixe de xoias históricas e artísticas

Redacción

Melide é unha das grandes vilas xacobeas de Galicia. Aquí conflúen o Camiño Francés e o Camiño Primitivo, convertendo o municipio nun dos puntos máis simbólicos da peregrinación a Compostela e nun destino onde historia, patrimonio e natureza camiñan da man.

A entrada do Camiño Francés realízase por Santa María de Leboreiro, unha das aldeas con máis encanto da ruta xacobeas. A súa igrexa gótica, os restos do antigo hospital de peregrinos e o singular celeiro tradicional constitúen unha das estampas máis recoñecibles do municipio. Poucos quilómetros despois aparece Furelos, unha aldea que conserva boa parte da súa estrutura medieval e que alberga unha das pontes máis fermosas de todo o Camiño Francés.

Xa na vila de Melide, o visitante atopa un importante conxunto monumental no que destacan a capela de San Roque e o coñecido Cruceiro de Melide, considerado como o máis antigo de Galicia. Tamén sobresaen a igrexa de



CEDIDA

En Melide latexa unha profunda pegada xacobeas.

Sancti Spiritus, coa súa riqueza artística e os seus sepulcros góticos; o edificio da antiga Obra Pía de San Antón, actual Casa do Concello; e o Museo da Terra de Melide, instalado nun antigo hospital de peregrinos do século XV.

Entre as súas grandes xoias patrimoniais figura a igrexa de Santa María de Melide, a máxima expresión do románico melidao. A oferta turística complétase con espazos naturais como a área recreativa do río Furelos e a fermosa ruta de sendeirismo que percorre as súas marxes. ■

Malpica mira ao Atlántico entre sabores e estrelas

A gastronomía mariñeira, a olería de Buño, o surf e os ceos Starlight convérteno nun destino singular da Costa da Morte

Redacción

Malpica de Bergantiños é un destino no que o Atlántico marca o carácter e a esencia dun territorio profundamente ligado ao mar. A súa combinación de gastronomía, artesanía, natureza e patrimonio convérteo nun dos grandes referentes turísticos da Costa da Morte.

O porto, auténtico corazón da vila, abastece diariamente de peixe e marisco fresco a unha gastronomía que ten no percebe, o polbo, os ourizos e as tradicionais empanadas algúns dos seus principais emblemas. Unha cociña que permite descubrir a estreita relación que mantén Malpica co océano.

Outro dos seus grandes atractivos é Buño, parroquia coñecida internacionalmente pola súa excepcional tradición oleira. Os seus obradoiros e tendas manteñen vivo un oficio centenário que fixo da localidade un dos principais centros artesáns de Galicia.

As praias de Area Maior, O Riás ou As Torradas ofrecen excelentes condicións para a prác-



CEDIDA

Un surfista na espectacular praia de Area Maior.

tica do surf durante boa parte do ano, mentres que a certificación de Malpica como Destino Turístico Starlight permite contemplar algúns dos ceos nocturnos máis limpos de Galicia desde miradoiros, praias e espazos naturais.

O faro de Punta Nariga, o porto tradicional, os sendeiros costeiros, os cruceiros e os muíños completan unha proposta turística na que natureza, patrimonio e identidade mariñeira se combinan para ofrecer unha experiencia auténtica ao visitante. ■



Malpica Turismo Vivo

Porta do Camiño dos Faros

GASTRONOMÍA

DEPORTE

NATUREZA

MAR



Concello de Malpica de Bergantiños

Escapadas con encanto

Redacción

Noia leva séculos mirando ao mar e a Compostela ao mesmo tempo. A súa historia está estreitamente ligada ao fenómeno xacobeo, ata o punto de ser coñecida como o Porto do Apóstolo, a porta de entrada para numerosos peregrinos que chegaban por mar antes de emprender o último treito cara á tumba de Santiago.

A importancia desta relación reflíctese aínda hoxe no seu extraordinario patrimonio histórico. O corazón da vila é un dos conxuntos medievais mellor conservados de Galicia, un labirinto de rúas empedradas, soporais, casas señoriais e pazos urbanos que medraron ao abeiro da antiga muralla. Non en van, Noia foi durante séculos unha das localidades máis prósperas do litoral galego, grazas ao comercio marítimo e á súa condición de punto estratéxico nas rutas de peregrinación.

Presidindo o centro histórico ér-

Noia, a vila medieval que viu a luz como Porto do Apóstolo

A pegada da peregrinación, unha das zonas históricas máis fermosas de Galicia e unha contorna privilexiada convértena nun destino único



Interior da nave da igrexa de Santa María A Nova, onde se expón o conxunto de lápidas gremiais máis importante de Europa.

guese a monumental igrexa de San Martiño, unha das grandes xoias do

gótico galego. Moito preto atópase outro dos símbolos de Noia, a igrexa de Santa María A Nova, que conserva no seu interior o Museo das Laudas Gremiais, considerado o conxunto de lápidas medievais máis importante de Europa. Nelas pódense descubrir os oficios, símbolos e historias dunha

vila que viviu durante séculos do mar.

O percorrido urbano permite atopar tamén edificios emblemáticos como o Casino, obra do célebre canteiro Pepe da Agulla; o histórico Teatro Coliseo Noela; a Casa do Concello coa súa singular torre neogótica; ou a Alameda e os xardíns Felipe de Castro, presididos por árbores centenarias e con vistas privilexiadas.

Fóra do núcleo urbano, a riqueza patrimonial continúa en lugares como a igrexa e claustro de San Francisco, o Hospital de Adentro, testemuño da atención aos peregrinos medievais, ou

os numerosos pazos e templos que salpican as parroquias do municipio. Tamén destaca o Dolmen de Argalo, unha impresionante mostra do pasado megalítico da comarca.

A contorna natural constitúe outro dos grandes atractivos. A espectacular central hidroeléctrica do Tambre, proxectada por Antonio Palacios, combina patrimonio industrial e paisaxe nun enclave singular rodeado de rutas de sendeirismo e bosques atlánticos. O río Tambre acompaña aquí percorridos que permiten descubrir unha fermosa paisaxe fluvial.

A paisaxe marítima completa a oferta turística do municipio. As praias de Testal, Boa Grande, Boa Pequena ou Taramancos ofrecen areas tranquilas e contornas naturais de gran valor ecolóxico no fondo da ría de Muros e Noia. O sistema dunar do Testal ou os recunchos máis resgardados de Boa son algúns dos espazos máis apreciados por quen goza dunha vila con identidade mariñeira e medieval. ■

ALBERGUE DE PEREGRINOS DE NOIA PORTUS APOSTOLI

O Albergue de Portus Apostoli suma unha nova parada para peregrinos e visitantes na ría de Noia



Concello de
NOIA

